

RESOLUCIÓN REITORAL DO 1 DE SETEMBRO DE 2021 POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITUDES CONCEDIDAS NAS AXUDAS PARA A DIFUSIÓN DOS RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN DO ALUMNADO DE DOUTORAMENTO EN PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL, 2020/2021

De conformidade co establecido no punto 6 do anexo I da Resolución Reitoral do 3 de maio de 2021 no que se regulan as bases da convocatoria de *Axudas á difusión dos resultados de investigación para alumnado de Doutoramento Interuniversitario en Protección do Patrimonio Cultural*, unha vez rematado o proceso de selección, segundo os criterios establecidos nas bases da convocatoria, esta Reitoría RESOLVE:

1. Publicar a **listaxe definitiva de solicitudes con axuda concedida** (véxase o anexo I)
2. A contía máxima de cada axuda queda condicionada á acreditación do custo derivado da tradución e/ou publicación do artigo ou edición da revista, ata o esgotamento do crédito orzamentario.
3. As persoas beneficiarias desta axuda terán como obrigas as de destinar a axuda á finalidade para a que foi concedida así como enviar á Sección de Bolsas e Axudas no prazo máximo de 45 días desde a aceptación da publicación (DOI ou equivalente) a evidencia que avale a publicación definitiva do artigo científico, a presentación da comunicación oral en congreso, ou equivalente.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 26/05/2020 (DOG 04/06/2020)

A vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria
Natalia Caparrini Marín



ANEXO I
LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITUDES CON AXUDA CONCEDIDA:

Apellido1	Apellido2	Nome	PUNTUACIÓN TOTAL
Alonso	Martínez	Laura	55
Mouriño	Schick	Andrea	35
Ruanova	Álvarez	Nerea	35

Código seguro de Verificación : GEISER-7b6a-6747-ba45-4bc0-bf80-b053-2d36-c0f5 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s21N0000072

CSV

GEISER-7b6a-6747-ba45-4bc0-bf80-b053-2d36-c0f5

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

01/09/2021 13:45:11 Horario peninsular

Validez del documento

Original

